

A LENDA DO POBO

Xoán era un rapaz moi curioso. Gustáballe moito fisgar polas caixas do faiado e preguntarlle a súa avoa como eran os tempos de antes. Un día ocorréselle preguntar por un grupo nazi antigamente, ou por algo parecido. A súa avoa púxose moi nerviosa ao escoitar esas palabras, e parecía que vixiaba os arredores por se alguén a escoitaba. Despois de comprobalo, comezou a historia:

-Verás, meu netiño, isto ocorreu máis ou menos polo ano 1906. Eu aínda non che nacera, pero son historias do pobo. Contan que un rapaz, tamén moi curioso coma ti, duns 12 anos, ía dando un paseo pola rúa cando de súpeto escoitou unhas voces que o chamaban: "Xurxo, Xurxo..." Xurxo mirou para os lados pero non viu a ninguén. Seguiu para diante e, mentres miraba de présa para todos os sentidos, pillárono pola carapucha. Levárono arrastro por toda a estrada ata unha especie de cova, ao lado das obras. Xurxo intentou ver quen era o que o arrastraba, e tamén os demais, pero sen éxito. Tiñan as caras tapadas cun capuchón e unha capa negros. Escoitouse murmurar a un coma unha especie de contrasinal, pero o rapaz non oíu nada. Unha porta vella abriuse chirriando e seguiron andando. Ao final chegaron a un cuarto cheo de candeas e toda clase de obxectos: mantos vermellos e granates, máis candeas, un xogo de maxia negra... O que parecía o xefe sentou nun coxín e o que o arrastraba sentou no de enfronte. O xefe formuloulle un acertixo:

-“A miña primeira son os teus ollos, os teus ollos son a miña segunda, o meu todo os teus ollos son. Acerta esta barafunda”.

Xurxo quedou petrificado. Nunca oíra tal acertixo. Por moito que se esforzou non conseguiu acertalo.

-“Acabouse o tempo, señor” -berrou un. O xefe, enfadado, dixo:

-“Non conseguiches acertar o meu acertixo. Ben. Que reciba o dos seus compañeiros”. Non dixo nada máis.

O que si lle fixo foi un sinal aos outros encapuchados. Entendérono á perfección e obedeceron. Colleron a Xurxo polos brazos e levárono a unha sala pequena. “Sala X”, poñía. Abriron a porta e deixárono alí. Ao cabo dun tempo, Xurxo empezou a oír unhas voces semellantes ás que o chamaron. Tamén había outras que rían. E outras que dicían máis acertixos. Todas ao mesmo tempo. Logo, cando xa ía tolo, encendéronlle unha luz e comezou a ver cabezas ensanguentadas. Cunha cara coma berrando. Eran aos que se refería o xefe. E nese momento, Xurxo sabía que lle ía pasar o mesmo. Empezou a berrar, a dar patadas e a petar, pero non pasou nada. Nunca máis se soubo del.

-Hai xente que o cre, outras non. Eu prefiro non pensalo-acabou a avoa.

Xoán, coa mirada baixa e as mans cruzadas e sudorosas dixo:

-“Eu tamén”

Vanesa Torres Barca (3°C)